

Sempre en Galicia: Cinquenta anos de radio en galego¹

Mónica Rebolo Vázquez²

Falar da emigración en Galicia é falar dunha parte fundamental da nosa historia, aínda que algúns tenten esquecelo ou ignoralo, o certo é que a realidade do noso país sobrepasou as nosas fronteiras cando o primeiro galego marchou. Xa ten pasado moito tempo pero aínda hoxe falar da historia, a arte ou a cultura galega obriga a bota-la ollada máis aló da Galicia territorial e contar con aquela outra parte do país que está espallada por todo o planeta. Isto é así porque os milleiros de emigrantes que deixaron o noso país levaron canda eles un anaquiño da Terra e debemos ser conscientes de que esa semente xermolou alá onde foron. Iniciativas como a audición radial “Sempre en Galicia” é unha boa mostra diso.

O argumento da historia que aquí imos contar puidera sela literatura, a música, a política, a arte, pero non será ningún deles e serano todos á vez porque aquí falaremos de radio. O medio radiofónico foi unha peza importante no aínda non desentrañada armazón da nosa diáspora. Debemos saber que a radio supuxo para moitas colectividade galegas ter unha voz e unha memoria, tamén unha arma eficaz. Emigrantes e exiliados souberon deseguida que as ondas radiofónicas podían converterse en púlpitos ideais para forzados silencios, canles imparables para as máis variadas mensaxes, elementos vertebradores de comunidades e alivio necesario das máis fondas saudades. Todo isto foi a radio e aínda máis, só así se explica que en países como A Arxentina ou O Uruguai houbera unha verdadeira proliferación de programas radiofónicos a partir dos anos corenta, un fenómeno que se mantería en tempos sucesivos.

Aínda que a radio ten unha constatada importancia na diáspora galega, o caso é que moi poucos estudosos se teñen ocupado desa forma de comunicación na Galicia

exterior. Tal “esquecemento” é aínda máis patente se se ten en conta que outros medios como a prensa foron e son obxecto de exhaustivas análises e observacións por parte dos máis variados autores. Pode que a explicación de que a radio non teña recibido o mesmo tratamento sexa que se trata dun medio fráxil, mentres a escrita perdura a través dos anos, as palabras dos oradores que fronte ás palabras perdidas queda a memoria e, como aquí se pretende amosar, aínda hoxe é posible rescatala.

Durante varios anos estiven mergullada no rescate dunha memoria que, como xornalista e como galega, paréceme fundamental recuperar para os nosos días, a do primeiro programa de radio feito integramente en lingua galega, o “Sempre en Galicia”. É curioso que moitos galegos ignoren a existencia desta experiencia radiofónica porque ten tódalas cualidades para escribirse con letras maiúsculas na historia do noso país, “Sempre en Galicia” naceu en 1950 en Montevideo e leva case cincuenta e catro anos emitíndose ininterrompidamente. Como veremos deseguida, este programa foi determinante para o nacemento dunha identidade galega no Río da Prata, milleiros de galegos atoparon na audición radial a resposta á súa orixe, ó mundo que os rodea e á saudade que non poden conter. Houbo que agardar moitos anos para que algo así acontecese en Galicia. Analizaremos a continuación as reviravoltas desta longa e peculiar historia radiofónica, pero antes de botar a anda-lo relato gustaríame que escoitasen as palabras coas que cada domingo pola mañá comeza a media hora de “Sempre en Galicia”. Son palabras cheas de historia porque son as mesmas que os oíntes escoitaron un afastado tres de setembro de 1950, o día en que a audición radial saíu por primeira vez ó aire. Quen lles fala é Manuel Meilán.

O Nacemento de Sempre en Galicia

O 7 de Xaneiro de 1950 morría en Bos Aires Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. A súa morte causou un fondo pesar no Río da Prata, dentro e fóra da colectividade galega, pero foi especialmente sentida polo grupo de galeguistas que traballaban con el man a man. Aínda sen sobrepoñerse á perda, este grupo de amigos e colaboradores decide non deixar esmorece-lo facho prendido por Castelao e, como primeira medida, acordan facerlle unha homenaxe ó rianxeiro. Querían que fose algo duradeiro, unha homenaxe que perdurase no tempo e que axudase a espalla-lo espírito galeguista que abandeirara o *guieiro*. Alguén propón facer unha audición de radio e a idea é acollida con entusiasmo polo grupo.

Oito homes se comprometen no proxecto radiofónico: Alfredo Somoza, Manuel Meilán, Lois Tobío, Antón Crestar, Pedro Couceiro, Xesús Canabal, Emilio Pita e Manuel Leiras. Algúns destes homes eran vellos residentes no Uruguai, chegaran ó Río da Prata moi novos, en pleno auge dos fluxos de emigrantes, é o caso de Xesús Canabal ou de Manuel Meilán. Outros fundadores como o diplomático Lois Tobío, o doutor Pedro Couceiro ou o ex-deputado coruñés Alfredo Somoza chegaran exiliados a esas terras había pouco tempo pero xa estaban totalmente implicados na intensa campaña galeguista que se levaba a cabo neses anos.

Cada un destes fundadores asumiu un papel dentro de “Sempre en Galicia”, o grao de compromiso co proxecto foi diferente en cada caso, como tamén o foi a duración do seu traballo á fronte da audición. Especialmente salientable nestes primeiros momentos do programa é o traballo desenvolvido por Alfredo Somoza, curmán de Castelao. Somoza foi quen propuxo a idea de facer unha audición de radio, tamén parte del a postostade bautiza-lo programa co nome da obra senlleira do rianxeiro e será por estes feitos que Somoza se converte na cabeza visible do proxecto nestes primeiros momentos e pasa a encargarse da xestión e selección de material. Foi un valioso traballo, sen dúbida, pero quedou bruscamene interrompido ó morrer Alfredo Somoza tan só once meses despois de que “Sempre en Galicia” saíse ó aire.

Tamén marchou axiña, pero este cara á Arxentina, o poeta e músico Emilio Pita. Só seis meses despois de comeza-lo programa abandona Montevideo e, aínda que había volver colaborar puntualmente, non desenvolvería un traballo continuado dentro da audición. Con todo, Pita deixa a súa pegada na parte creativa de “Sempre en Galicia”, el é quen interpreta ó piano a “*Muiñeira de Chantada*” que soa ó comezo de cada programa e foi tamén quen escribiu o saúdo e despedida que dende 1950 se repiten na audición.

Se botamos contas, dos oito homes que comezan o proxecto radiofónico, só catro se manteñen, pasado un tempo, á fronte del: Lois Tobío, que é o encargado de face-los editoriais do programa; Pedro Couceiro, que fai a selección musical; Antón Crestar, unha das voces emblemáticas da audición; e Manuel Meilán que hoxe é considerado o verdadeiro xestor de “Sempre en Galicia”, non de balde pasa corenta e catro anos da súa vida á fronte dos micrófonos de *Radio Carve*. Quedaría un quinto fundador do que é imprescindible falar, Xesús Canabal, como veremos máis adiante, el convértese no verdadeiro mecenas do espazo radial e, polo tanto, en peza clave para a súa supervivencia.

Diciamos hai un momento que Manuel Meilán se fai cargo da xestión do programa, Meilán era un home de certa influencia en Montevideo e por iso, entre outras cousas, foi el o encargado de buscar unha emisora de radio dende a que poder emitir. Os seus ollos estaban postos en *CX16 Radio Carve*, unha das emisoras máis importantes de Montevideo e, o que a eles máis lles interesaba, unha das máis potentes do país, *Radio Carve* chegaba - e chega - a todo o territorio uruguaiño, parte da Arxentina e incluso ó sur do Brasil. É curioso contar como conseguiron que unha emisora tan importante dese cabida ó proxecto radiofónico que matianaban estes galegos porque, como é lóxico, a cadea non se dedicaba a este tipo de espazos. O caso é que en 1950 o director de *Radio Carve* era Raúl Fontaina, foi a el a quen Meilán lle fixo a proposta, este escoitouno e aceptou o proxecto poñendo unha única condición, que o programa radiofónico non fose algo pasaxeiro, que tivese vocación de durar. O tempo revelou

que aquel señor Fontaina era en realidade o señor Fontañá, natural de Pontevedra, ¡quen lle había dicir que cumprirían a súa condición sobradamente!

Haí outra cuestión que me gustaría considerar antes de nos mergullar máis na historia do programa, ¿por que aqueles oito homes fundadores deciden sacar adiante o seu proxecto cultural e galeguista a través do medio radiofónico? Por increíble que pareza, xa nos anos cincuenta a radio revelara o seu gran potencial, aqueles homes –sen ningún vencello co xornalismoeran conscientes de que as ondas radiofónicas lles permitirían achega-la súa mensaxe a milleiros de persoas dun xeito sinxelo. Baseaban tal coñecemento nas numerosas experiencias radiofónicas que os emigrantes xa levaban a cabo naqueles anos no Río da Prata, cómpre citar aquí exitosos programas como “*Recordando a Galicia*” de Maruja Boga, “*Galicia arte y cultura*” de Maruxa Villanueva ou “*Galicia emigrante*” de Luis Seoane. Outro motivo para apostar polo programa foi coñece-la gran tradición radiofónica que existía -e existe- no Uruguai, dende que en 1922 comezara a radio nese país pódese dicir que un feito non é noticia para os uruguaios ata que non o escoitan no seu aparato de radio.

Os Obxectivos

A audición radial “Sempre en Galicia” foi concibida baixo tres parámetros fundamentais: ser unha audición galeguista, republicana e cultural. A carón destas tres premisas, os fundadores enunciaron outras complementarias como aquela prioritaria de que “Sempre en Galicia” fose tamén unha audición independente. Independente da política de Galicia e das institucións galegas do Río da Prata, non querían ter vencellos cun panorama franquista que estaba presente en parte da colectividade e que, por outra banda, lles impediría cumprir cun dos seus principais obxectivos: se-la voz crítica da Galicia exterior. Dende os micrófonos de “Sempre en Galicia” denunciáronse os problemas e inxustizas da Terra, criticáronse as condutas erradas, sinaláronse co dedo os culpables e animouse ós galegos a loitar polo seu país. Como veremos, o afán combativo e batallador da audición marcou importantes

etapas do programa pero, a carón del, houbo tamén un desexo de manter vivo o recordo de Galicia, fomentar unha identidade galega entre os exiliados e emigrantes e procura-la unidade da colectividade nas terras riopratenses. Cómpre non esquecer tampouco o importante papel que, dende os comezos, xogou o espazo radiofónico a prol da culturagalega. “Sempre en Galicia” propónse espalla-la nosa riqueza cultural a través das ondas cun dobre obxectivo: dala a coñecer ós galegos do Río da Prata e amosarlle tamén ás xentes dos países de acollida. A formulación daquelas persoas era a seguinte: o espallamento da cultura galega fará saber ós arxentinos e uruguaios que os galegos dos que adoitan burlarse teñen unha identidade de seu e, ademais, permitirá que os propios compatriotas rematen co frecuente autodesprezo ó tomaren conciencia dos valores que ten o seu pobo. Con todos estes argumentos naman, concluímos que “Sempre en Galicia” pretende ser, máis que outra cousa, un foro de reflexión. Reflexión sobre o papel dos galegos que viven lonxe da Terra e reflexión sobre as obrigas e deberes que teñen para con ela.

En 1965, co gallo do décimo quinto aniversario do programa, na audición emítese un editorial no que repasan as pretensións e razóns de ser de “Sempre en Galicia”. Ímolo escoitar.

O Financiamento

Nesta primeira definición que estamos facendo de “Sempre en Galicia” merece un capítulo á parte falar do financiamento do programa porque, como verán, é dabondo significativo para determinar cal é a súa filosofía. A independencia da que se quixo impregnar “Sempre en Galicia”, dende o mesmo comezo da súa fundación, tivo vantaxes e desvantaxes para os promotores do proxecto. Por unha banda, tal independencia deulles ós fundadores unha marxe importante á hora de trata-los contidos do programa, ó non estar vencellada a ningunha institución nin entidade galega, a audición radial puido cumpri-la vocación de se-la voz crítica da colectividade do Río da Prata. Non obstante, esa mesma independencia traducíuse en dificultade ó

falar do financiamento, “Sempre en Galicia” non quixo contar con ningunha organización para paga-los seus gastos e, por iso, chegou un momento no que os propios colaboradores tiveron que busca-las achegas económicas que sacaran adiante o proxecto radiofónico. Foi unha das grandes batallas da xente da audición, foino hai cincuenta anos e aínda hoxe o é.

Así as cousas, ó longo destas cinco décadas de traxectoria, os colaboradores do programa tiveron que discorrer mecanismos de financiamento que fosen respectuosos coa súa independencia. Un deses recursos foi a introdución da publicidade: primeiro buscou o patrocinio de empresas uruguaias para evitar suspiciadas, máis adiante tamén houbo empresas galegas que colaboraron coa audición. O caso é que non sempre a vía publicitaria foi posible, nos anos sesenta, por exemplo, o *Banco de Galicia* suspendeu as súas achegas ó non estar conforme coa dura liña antifranquista que defendía o programa, de xeito que os propios colaboradores –que sempre traballaron totalmente de balde– pagaron do seu peto os gastos do espazo radiofónico.

Hai outras vías de financiamento que cómpre subliñar, por unha banda, “Sempre en Galicia” contou cun mecenas que asumiu a maior parte dos custos durante moitos anos, foi un daqueles oito fundadores, Xesús Canabal. A historia deste emigrante santiagués é unha das moitas semblanzas da nosa diáspora que aínda quedan por facer, é sorprendente descubrir como un rapaz de trece anos que chega a América sen un peso logra converterse nun grande empresario e mecenas da nosa cultura no exterior. O apoio económico de Xesús Canabal foi fundamental para manter con vida “Sempre en Galicia”, dende 1950 ata o momento da súa morte foi o principal valedor do proxecto radiofónico.

A día de hoxe, o financiamento da audición é un problema realmente grave para a xente que segue no programa. Aínda que os custos do espazo son mínimos – unicamente pagalo aluguer á emisora Radio Carve-, os colaboradores teñen grandes dificultades para xunta-los cartos tódolos meses. É preciso apuntar que “Sempre en Galicia” se financia, practicamente, coas colaboracións dos socios do Padroado da Cultura Galega e, dada a mala

situación económica que atravesamos O Uruguai, non sempre é posible pagar esas cotas. O programa conta, ademais, cunha pequena axuda institucional e coa solidariedade dalgúns galegos que, ante a ameaza cada vez máis preocupante de que a audición poida desaparecer, decidimos abrir unha conta solidaria para axudalos no posible.

Para ilustrar este apartado que fala do financiamento de “Sempre en Galicia” quixera que escoitasen unha pequena escolma das cuñas publicitarias que ó longo destes anos se emitiron na audición. As voces son as dos propios locutores que, deste xeito, “pagan os favores” dos seus patrocinadores.

Etapas e contidos

Unha vez que detallámo-los aspectos “técnicos” do programa, é hora de fixarnos nos seus contidos. “Sempre en Galicia” é un espazo semanal de media hora de duración no que ten cabida a actualidade da Galicia de acá e de aló, a estrutura é máis ou menos fixa: saúde de Manuel Meilán soando de fondo a Muíñeira de Chantada, editorial do director do programa, bloques de noticias, entrevistas, lectura dun poema e despedida de Manuel Meilán. Como fío condutor indispensable está a música galega, un aspecto que sempre se coidou moito no programa e que “enganchou” a moitos oíntes.

En case cincuenta e catro anos de traxectoria mudaron moito as circunstancias sociais e políticas nas que se enmarca a audición pero, curiosamente, aínda hoxe persiste boa parte do “fondo” que os fundadores lle deron en 1950. En función dos contidos, dos colaboradores que traballaron no programa e das circunstancias socio-políticas que se sucederon en máis de cinco décadas de vida, sinalámo-las seguintes etapas en “Sempre en Galicia”:

- O lirismo de Lois Tobío. 1950-1962

O diplomático Lois Tobío, recentemente falecido, foi quen orientou a liña editorial do programa nos primeiros anos. El escribiu os editoriais dende 1950 ata 1962, ano no que marcha para España. Trátase de documentos cheos de lirismo, amabilidade e sinxeleza, falan da xeografía galega, dos escritores do país, da nosa arte... pero tras deles agóchase unha fonda erudición e unha

forte carga ideolóxica. Nestes primeiros anos o peso do programa lévano os fundadores, pero axiña entran dous colaboradores que pasarán máis de vinte anos ante os micrófonos: a luguesa Iolanda Díaz e o vigués Xosé Luis Villaverde.

- Os combativos anos sesenta

A partir da marcha de Tobío comezan os anos máis combativos do programa. O xiro vén provocado pola situación que vive Galicia nese momento, “Sempre en Galicia” amosa abertamente a súa oposición ó réxime de Franco, chama ós galegos a actuar e fai unha forte defensa da identidade e da cultura galega. Esta actitude bate cos intereses dunha colectividade na que o franquismo esperta bastantes simpatías. Igual que identificámola primeira etapa coa figura de Lois Tobío, esta segunda leva o nome doutro colaborador, Fernando Pereira.

- Unha nova xeración á fronte do programa. 1976

1976 é un punto de inflexión na traxectoria de “Sempre en Galicia”, por unha banda cambia o contexto político de Galicia coa chegada da democracia e, pola outra, hai moitos cambios no cadro de persoal de colaboradores. Así, a comezos dos oitenta morren tres dos fundadores do programa e dos oito patriarcas só queda Manuel Meilán, ademais hai xente que volve a Galicia e outra que se une ó proxecto. Aquí entran o actual director do espazo, Toni de Seárez, Marisa Barrio e Manuel Suárez, entre outros. Todos eles lle dan un novo estilo á audición, agora priorízase a reflexión sobre o que acontece, hai un maior seguimento da actualidade e bótase man dun ton máis espontáneo, familiar e irónico.

- A audición en mans do Padroado da Cultura Galega. Anos 90 1994 volve ser un ano de cambios, daquela morre Manuel Meilán e ábrese un debate sobre a conveniencia de seguir co proxecto radiofónico e como facelo. Logo de momentos difíciles, os colaboradores deciden poñer-lo programa baixo o amparo dunha entidade afín, o Padroado da Cultura Galega.

Nestes últimos vinte anos Toni de Seárez dirixe o espazo e canda el están Marisa Barrio e Luz Corvillón. As prioridades seguen sendo a difusión da cultura galega, a atención a Galicia e á colectividade e a crítica e denuncia de todo aquilo que non vai ben.

Os oíntes

Ó longo da miña investigación, un dos descubrimentos máis emotivos e reveladores que fixen sobre “Sempre en Galicia” foron os seus oíntes, abonda escoitalos falar para comprender que para eles é moito máis ca un programa de radio. Estes testemuños e ducias de cartas amarelecidas que chegaron á audición ó longo destes anos compensan a falta de datos de audiencia e permítenos afirmar, sen lugar a dúbidas, que a acollida de “Sempre en Galicia” foi extraordinaria.

Pero ¿por que existe esta reacción, que é o que esperta o interese do público? A resposta de uma en Montevideo unha desas oíntes “poñíame ó pé do aparato de radio e sentía a Galicia preto”. Para moitos emigrantes e exiliados a audición foi o único vencello que durante moitos anos tiveron con Galicia, o reencontro semanal coa Terra que añoraban. Na audición volveron escoita-la fala da aldea e a música das súas lembranzas, volveron percorrer paisaxes xa esquecidas e fixeron seu un sentimento de galegitude que non sempre existía. Apuntaremos tamén que moitos uruguaios e arxentinos se achegaron á nosa Terra precisamente a través da audición.

Hai outra cuestión que di moito da audiencia de “Sempre en Galicia” a súa fidelidade. Non é difícil atopar persoas que leven corenta e cincuenta anos escoitando fielmente a audición, pero non é só unha cuestión de tempo, é unha cuestión tamén de actitude, sorprende comprobar como o público segue escoitando o programa coa mesma emotividade que hai cincuenta anos. Volvemos ó de antes, “Sempre en Galicia” é moito máis ca un programa de radio.

O Futuro

A entrada no século XXI non deixa de ser un desafío pra un proxectoradiofónico concibido en 1950. Acabamos de facer un rapidísimo percorrido por case cincuenta e catro anos de traxectoria, pero cómpre non esquecer que estamos falando dunha historia que aínda está aberta. A principal preocupación á hora de pensar no futuro de “Sempre en Galicia” é o seu financiamento, dada a situación do Uruguai

e da nosa colectividade no Río da Prata, cada vez é máis difícil correr cos gastos da audición. Estase falando moi en serio de pecha-los micros para sempre, despois de máis de medio século de traballo. A solución podería vir da colaboración coa Galicia territorial pero, de momento, esa colaboración é case inexistente.

O certo é que, fóra do problema económico, hai tempo que se debate a necesidade de renova-lo programa, na forma e no fondo. Hai quen pensa que se a cousa funcionou ben ata agora non fai falta cambialo, pero tamén hai quen apunta a necesidade de capta-la atención das xeracións máis novas para garanti-la continuidade do proxecto. E é que o avellentamento da audiencia é outra das dificultades no futuro de”“Sempre en Galicia”, estamos falando de oíntes que teñen en torno a sesenta e setenta anos. Os seus fillos e netos xa non perciben igual os valores do programa e, en xeral, non se senten atraídos pola súa mensaxe porque xa naceron noutro contexto. Poida que estea

bosquexando un futuro demasiado pesimista para a audición, certamente ten moitos problemas ós que facerlles fronte.

Na lista de cousas positivas apuntarémolas grandes posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para un proxecto destas características, oportunidades que non deberían deixar pasar. Por poñer un exemplo, a tecnoloxía xa permite achegar dúas Galicias tradicionalmente separadas por un océano, quedou demostrado no quincuaxésimo aniversario da audición cando a Radio Galega e Radio Carve emitiron conxuntamente un programa especial. Outro dato a apuntar é que no ano 2001, o goberno galego concedeulle á audición o *Premio Galicia de Comunicación* na modalidade de radio, foi un aplauso importante que deu folgos á xente do programa, pero que non abonda para seguir adiante. Haberá que se implicar moito máis para non deixar morrer un dos grande fitos da radiodifusión galega.

Despedímonos coas palabras de Manuel Meilán que cada domingo poñen fin á audición.

¹ Esta investigación está recollida no libro *Bos Días Galegos, Eiquí Sempre en Galiza*, Mónica Rebolo; Lariovento, Galicia, 2002.

² Facultade de CC da Información. Universidade de Santiago de Compostela. Asociación Galega de Investigadores da Comunicación (AGIC).